

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/28	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de xullo de 2026
Duración	Dende as 13:32 ata as 13:50 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 09.07.2026****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 09 de xullo de 2026.

Expediente 1080/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 14 de xullo, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a un usuario de Servizos Sociais que se atopa en situación de vulnerabilidade económica e solicita o apoio para sufragar o custo da limpeza exterior da vivenda, que se atopa invadida de maleza e impide o acceso á mesma.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento da limpeza e a nome de Don Manuel Collazo Breijo, con DNI ***016***.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Bascuas Servizos Agroindustriais, con CIF B36408987, factura número A/23 por un importe de 1.149,50 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1005/2026. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN ITÍNERA, VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA LIMES DE SAÚDE MENTAL NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE SAÚDE MENTAL 2024-2027**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social, con data 19 de xuño de 2026, no que se indica a necesidade de buscar recursos para a acción comunitaria no ámbito da saúde mental e valorando como positiva a sinerxia co tecido asociativo para a cobertura destas necesidades. No mesmo informe se indica procedente o establecemento de mecanismos de cooperación coa Asociación Itínera.

Visto o informe xurídico, con data 17 de xullo de 2026.

Visto o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e Itínera para este ano 2026:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN ITÍNERA, VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA LIMES DE SAÚDE MENTAL NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE SAÚDE MENTAL 2024-2027

REUNIDOS en Silleda na data da sinatura electrónica.

Dunha parte, Dña. Paula Fernández Pena, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Silleda (CIF P3605200I e domicilio en Rúa Progreso, nº 41, Silleda), actuando en representación da citada entidade local ao abeiro das competencias atribuídas polo artigo 21.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

*E doutra, Don José Canedo Barreiro, con DNI 3***Y, actuando en nome e representación da Asociación Itínera, Voluntarios en Saúde Mental, con CIF G15983570 e domicilio social na rúa do Ceo, nº 10-1, CP 15704, Santiago de Compostela, na súa condición de representante legal da entidade.*

Ambas as partes, na representación en que interveñen, recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

I. Que, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos teñen atribuídas competencias para a promoción do benestar social, a atención á comunidade e o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e comunitario.

II. Que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece entre os seus principios reitores a promoción da autonomía persoal, a inclusión social e a prevención das situacións de vulnerabilidade social, recoñecendo a importancia da coordinación co tecido asociativo.

III. Que o Concello de Silleda aprobou o Plan Municipal de Saúde Mental 2024-2027 como instrumento de planificación estratéxica para a promoción do benestar emocional, a prevención dos problemas de saúde mental e a sensibilización da cidadanía.

IV. Que a Asociación Itínera é unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve actuacións de apoio social, sensibilización, acompañamento e promoción da participación comunitaria das persoas con problemas de saúde mental e das súas familias.

V. Que ambas as partes consideran de interese público fomentar a colaboración institucional para a posta en marcha de actuacións orientadas á promoción da saúde mental, á inclusión social e á creación de espazos de apoio mutuo no ámbito comunitario.

VI. Que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece nos seus artigos 47 e seguintes o marco normativo aplicable á formalización de convenios entre administracións públicas e entidades privadas para a consecución de fins de interese público.

VII. Que o presente convenio ten natureza administrativa e non contractual, ao abeiro do disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, non tendo por obxecto prestacións propias dos contratos do sector público nin implicando contraprestación

económica entre as partes.

En virtude do exposto,

ACORDAN

PRIMEIRA. OBXECTO E NATUREZA

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello de Silleda e a Asociación Itínera para o desenvolvemento do Programa LIMES de Saúde Mental, integrado no Plan Municipal de Saúde Mental 2024-2027.

A finalidade do convenio é promover actuacións de carácter preventivo, participativo e comunitario orientadas á mellora do benestar emocional da cidadanía, á inclusión social das persoas con problemas de saúde mental e á sensibilización da comunidade fronte ao estigma asociado á enfermidade mental. As devanditas actuacións levadas a cabo no seo deste convenio non terán carácter sanitario nin clínico, non constituíndo diagnóstico, tratamento sanitario, asistencia psicolóxica clínica, terapia sanitaria nin prestación sanitaria especializada.

O presente instrumento ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola normativa de réxime local, pola normativa autonómica de servizos sociais e polas demais disposicións que resulten de aplicación.

SEGUNDA. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO E DA NECESIDADE

A saúde mental constitúe un elemento esencial para o benestar individual e colectivo, sendo responsabilidade dos poderes públicos promover actuacións que favorezan a prevención, a participación social e a inclusión das persoas que presentan dificultades neste ámbito.

No marco do Plan Municipal de Saúde Mental 2024-2027 identificouse a necesidade de reforzar os recursos comunitarios orientados á creación de espazos de apoio mutuo e acompañamento, especialmente para aquelas persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade ou risco de illamento social.

A colaboración coa Asociación Itínera xustifícase pola súa experiencia e especialización no ámbito da saúde mental comunitaria, contribuíndo ao desenvolvemento de actuacións complementarias aos recursos municipais e favorecendo unha resposta coordinada ás necesidades detectadas polos Servizos Sociais.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

No marco do presente convenio desenvolveranse, entre outras, as seguintes actuacións:

- a) Creación e dinamización de grupos de axuda mutua (GAM) dirixidos a persoas con problemas de saúde mental.
- b) Desenvolvemento de actividades de apoio social, acompañamento e participación comunitaria.
- c) Organización de accións de sensibilización e información sobre saúde mental dirixidas á cidadanía.
- d) Coordinación cos Servizos Sociais municipais para a derivación e seguimento das persoas participantes.
- e) Elaboración de mecanismos de avaliación e seguimento das actuacións desenvolvidas.
- f) Promoción da inclusión social e da loita contra o estigma asociado aos trastornos mentais.

CUARTA. OBRIGAS DO CONCELLO DE SILLEDAS

O Concello de Silleda comprométese a:

- Establecer canles de coordinación e comunicación permanentes coa Asociación Itínera a través dos Servizos Sociais comunitarios municipais.
- Identificar, valorar e derivar, coa correspondente autorización e consentimento das persoas interesadas cando resulte procedente, aquelas persoas que poidan beneficiarse das actuacións desenvolvidas ao abeiro do presente convenio.
- Facilitar, na medida das súas dispoñibilidades, os espazos municipais necesarios para o desenvolvemento das actividades previstas.
- Colaborar na difusión das actuacións incluídas no Programa LIMES entre a cidadanía e entre os distintos profesionais dos ámbitos social, sanitario e educativo do municipio.
- Participar nas accións de seguimento e avaliación do programa.
- Apoiar as actividades comunitarias de sensibilización e promoción da saúde mental que se desenvolvan de forma coordinada coa entidade colaboradora.

QUINTA. OBRIGAS DA ASOCIACIÓN ITÍNERA

A Asociación Itínera comprométese a:

- Desenvolver as actuacións previstas no Programa LIMES de Saúde Mental de acordo cos principios de inclusión, participación comunitaria e promoción da autonomía persoal.
- Organizar e dinamizar os grupos de axuda mutua e demais actividades incluídas no programa.
- Poner á disposición do programa os recursos humanos e materiais necesarios para a correcta execución das actuacións previstas.
- Facilitar materiais informativos e de sensibilización para a súa difusión entre a poboación.
- Colaborar cos Servizos Sociais municipais na atención, orientación e acompañamento das persoas participantes.
- Participar nas accións formativas ou divulgativas que se poidan acordar entre as partes.
- Comunicar ao Concello calquera incidencia relevante que poida afectar ao desenvolvemento das actuacións.
- Colaborar nas tarefas de seguimento, control e avaliación previstas neste convenio.
- Contar cun seguro en vixencia de responsabilidade civil para as actividades que se desenvolvan.

SEXTA. DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

A actividade principal obxecto deste convenio consistirá na creación e desenvolvemento de Grupos de Axuda Mutua (GAM) dirixidos a persoas con problemas de saúde mental ou situacións de malestar emocional susceptibles de beneficiarse deste tipo de intervención comunitaria.

A constitución dos grupos estará condicionada á existencia dun número mínimo de participantes, fixado inicialmente en seis persoas, sen prexuízo de que poidan valorarse excepcións debidamente motivadas polos Servizos Sociais municipais e pola entidade colaboradora cando concorran circunstancias sociais que así o aconsellen.

As actividades serán coordinadas por Don Carlos Martínez Uzal ou polo persoal técnico designado pola Asociación Itínera.

As actuacións desenvolveranse entre os meses de xuño e decembro de 2026, de conformidade coa programación acordada entre as partes.

A execución das actividades quedará condicionada ao cumprimento da normativa vixente que resulte de aplicación en materia sanitaria, de seguridade, protección de datos e utilización de espazos públicos.

SÉTIMA. COORDINACIÓN INSTITUCIONAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS PARTICIPANTES

As actuacións desenvolvidas ao abeiro do presente convenio terán carácter complementario aos recursos sociais e

sanitarios existentes, non substituíndo en ningún caso as intervencións profesionais que correspondan aos servizos públicos competentes.

A coordinación entre o Concello de Silleda e a Asociación Itínera realizarase a través dos Servizos Sociais comunitarios municipais e, cando resulte procedente e coa debida observancia da normativa en materia de protección de datos persoais, poderá promoverse a colaboración cos dispositivos sanitarios e demais recursos comunitarios que interveñan na atención das persoas participantes.

A participación nas actividades do Programa LIMES terá carácter voluntario e desenvolverase baixo os principios de respecto á dignidade da persoa, igualdade de trato, inclusión social, non discriminación, confidencialidade e promoción da autonomía persoal.

As actuacións previstas orientaranse á mellora do benestar emocional, ao fortalecemento das redes de apoio comunitario e á promoción da participación social das persoas participantes, contribuíndo á prevención do illamento social e do estigma asociado aos problemas de saúde mental.

OITAVA. UTILIZACIÓN DE ESPAZOS MUNICIPAIS

O Concello poderá autorizar a utilización de instalacións ou dependencias municipais para a realización das actividades previstas no presente convenio.

A autorización de uso non suporá a cesión da titularidade dos espazos nin xerará dereitos de carácter real ou patrimonial a favor da entidade colaboradora.

A utilización dos espazos municipais realizarase conforme ás normas de funcionamento establecidas polo Concello, sendo responsabilidade da Asociación Itínera o seu correcto uso e conservación durante o desenvolvemento das actividades.

A entidade responderá dos danos que poidan producirse como consecuencia dunha utilización inadecuada das instalacións por parte das persoas participantes ou do persoal vinculado ao programa.

O uso de instalacións para as actividades realizadas ao abeiro do presente convenio será puntual, temporal, non exclusivo, condicionado á dispoñibilidade e sometido ás normas municipais.

NOVENA. RÉXIME ECONÓMICO

O presente convenio non implica obrigas económicas nin contraprestación financeira entre as partes asinantes.

Cada entidade asumirá cos seus propios medios persoais, técnicos e materiais os compromisos derivados da execución do convenio.

A sinatura deste instrumento non suporá incremento do gasto público nin transferencia económica entre as partes, sen prexuízo das actuacións de apoio loxístico ou de coordinación que poidan desenvolverse dentro das competencias municipais.

Así mesmo, faise constar expresamente que o presente convenio non comporta autorización de gasto, aprobación de crédito, subvención, achega económica, pagamento, compensación económica, transferencia financeira nin compromiso orzamentario de ningún tipo para o Concello de Silleda, limitándose os compromisos asumidos polas partes á colaboración institucional e á coordinación das actuacións previstas neste convenio.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS, CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO

As partes comprométese a cumprir a normativa vixente en materia de protección de datos persoais, en particular o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais intercambiados entre as partes limitaranse aos estritamente necesarios para a execución das actuacións previstas neste convenio.

A Asociación Itínera comprométese a gardar a máxima reserva e confidencialidade respecto da información persoal, familiar, sanitaria ou social á que poida ter acceso.

As persoas que participen na execución do convenio quedarán igualmente sometidas ao deber de segredo profesional e confidencialidade.

As partes recoñecen que, con motivo do desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio, poderá tratarse información especialmente sensible relativa ás persoas participantes, incluídos datos pertencentes a categorías especiais de datos persoais, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679. En consecuencia, comprométese a adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco, limitando o acceso á información ao persoal estritamente autorizado, asegurando o deber de confidencialidade e tratando unicamente os datos imprescindibles para a correcta execución das actuacións previstas neste convenio, de acordo cos principios de licitude, minimización, integridade e confidencialidade establecidos na normativa vixente.

UNDÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL

Co fin de garantir a correcta execución do convenio crearase unha Comisión de Seguimento integrada por representantes de ambas as partes.

Formarán parte da comisión:

- *Ángela Mª Troitiña Gil, Concelleira de Benestar social.*
- *Sara Blanco Gil, educadora social e coordinadora dos Servizos Sociais comunitarios do Concello de Silleda.*
- *Don José Canedo Barreiro, ou persoa designada pola Asociación Itínera.*

Corresponderán á comisión as seguintes funcións:

- a) Supervisar a execución das actuacións previstas.*
- b) Resolver as cuestións de interpretación que poidan xurdir.*
- c) Coñecer e analizar as incidencias producidas durante a vixencia do convenio.*
- d) Avaliar os resultados acadados e propoñer melloras para futuras edicións do programa.*
- e) Elaborar, ao remate da vixencia do convenio, unha memoria ou informe final de avaliación das actuacións desenvolvidas, no que se recollan o grao de cumprimento dos obxectivos, as actividades realizadas, os resultados acadados, as incidencias detectadas e, de ser o caso, as propostas de mellora para futuras actuacións. A Comisión deixará constancia desta avaliación mediante a correspondente acta da reunión na que sexa aprobada.*

A comisión reunirse cando así o solicite algunha das partes e, en todo caso, sempre que resulte necesario para o adecuado seguimento do convenio.

Sen prexuízo das reunións que resulten necesarias durante a vixencia do convenio, a Comisión reunirse, en todo caso, con carácter previo á súa finalización para aprobar a avaliación final do programa e a correspondente acta ou informe final de seguimento.

DUODÉCIMA. PRAZO DE VIXENCIA E PRÓRROGA

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Antes da finalización do prazo de vixencia poderá acordarse expresamente a súa prórroga, de conformidade co disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, sempre que subsistan as razóns de interese público que motivaron a súa formalización.

DÉCIMOTERCEIRA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio poderá ser modificado mediante acordo expreso e unánime das partes asinantes a través da correspondente addenda, sempre que a modificación non altere a súa natureza xurídica nin a finalidade que xustifica a súa formalización.

DÉCIMOTERCEIRA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das causas de resolución legalmente previstas.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime das partes.
- O incumprimento das obrigas asumidas por calquera das partes.
- A imposibilidade sobrevida de executar as actuacións previstas.
- A decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.

No suposto de incumprimento, a parte prexudicada poderá requirir á outra para que cumpra as obrigas asumidas nun prazo determinado. Se persistise o incumprimento, poderá declararse resolto o convenio.

DÉCIMOCUARTA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; e polas demais disposicións que resulten de aplicación.

As cuestións litixiosas que non poidan resolverse no seo da Comisión de Seguimento serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMOQUINTA. PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

O presente convenio será obxecto dos trámites de aprobación, inscrición, publicidade e remisión que resulten esixibles conforme á normativa vixente en materia de transparencia e réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente o presente convenio na data indicada na sinatura electrónica.

Ante min,
José Canedo Barreiro

Paula Mª Fernández Pena

Deborah García Suárez

Asoc. Itínera

Alcaldesa de Silleda

A Secretaria"

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o Convenio regulador transcrito anteriormente coa Asociación Itínera para desenvolver ao longo do ano 2026.

Segundo.- Dar conta desta resolución no próximo Pleno da Corporación que se celebre.

Expediente 891/2026. Contratacións. Mellora de viarios municipais en Breixa e Parada

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

- Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz, denominado: *Mellora de Viarios Municipais en Breixa e Parada*, con presuposto base de licitación de 228.701,52€ (IVE INCLUÍDO).

- Visto o informe técnico emitido o 28/05/2026, que consta no expediente, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e a non necesidade de informe supervisión.

- Vista a acta de trazado previo que figura no expediente, asinada en data de 15 de xuño de 2026.

- Vista a solicitude de autorización sectorial para leva a cabo a actuación, remitida á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia, que figura no expediente da subvención (672/2026).

- Vista a concesión de autorización pola Consellería do Medio Rural, Departamento Territorial de Pontevedra, Servizo de Infraestruturas Agrarias, na que se autoriza á actuación de "Mellora de viarios Municipais en Breixa e Parada", dentro da zona de concentración parcelaria de Breixa – Ansemil – Martixe (polígono 8) e Laro – Parada (polígonos 7, 8 e 9), que figura no expediente da subvención.

- Vistas as concesión de autorización por Augas de Galicia de policía de augas río Refoxos, que figura no expediente da subvención.

- Vista a concesión de autorización pola Deputación de Pontevedra que figura no expediente da subvención.

- Vistas a resolucións de aprobación do proxecto e de Inicio do expediente de contratación.

- Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

- Visto o informe xurídico asinado o 14 de xullo de 2026.
- Visto o informe Fase A de intervención asinado o 16 de xullo de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada, **“Mellora de viarios municipais en Breixa e Parada”** por importe de 228.717,52€ (IVE INCLUÍDO)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto polo importe correspondente, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal prorrogado deste Concello para o exercicio 2026.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada, do presente contrato de obras.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 20 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Expediente 1067/2026. Contratación do servizo das actuacións musicais para a Festa da Empanada de Bandeira 2026

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que a celebración da Festa da Empanada da Bandeira, declarada en 2024 Festa de Interese Turístico Nacional, require, na súa 50ª edición, unha programación musical e artística acorde ao seu recoñecemento e a súa relevancia histórica e cultural (máis de 30.000 asistentes por edición).

Visto que co obxectivo de estar á altura do recoñecemento nacional da Festa da Empanada de Bandeira, propónse a contratación da orquestra París de Noia por presentar un carácter singular e artístico que responde a criterios de idoneidade artística, recoñecemento, estilo, formato de espectáculo, adecuación ao evento e capacidade de atracción de público.

Visto que o investimento previsto, cifrado en 30.000 € (IVE incluído), resulta viable e xustificado polos seguintes motivos:

- Retorno turístico e económico: a mellora da programación artística reforza a imaxe de marca da festa, incrementando a atracción de visitantes e favorecendo o consumo local (hostalería e comercio).
- Axuste orzamentario: o importe atópase financiado integramente mediante subvención nominativa de Turismo de Galicia, polo que non supón un custo adicional para o orzamento municipal.
- Optimización de recursos e exclusividade dos artistas: a orquestra contratada conta con dereitos de representación exclusivos, o que garante unha oferta diferenciada e evita duplicidades con outros eventos da contorna.

Visto o convenio asinado con de Turismo de Galicia da Xunta de Galicia no que se concede a subvención nominativa apoio, promoción e difusión das festas con esta categoría por un total de 30.000€.

Vista a memoria xustificativa, o informe de insuficiencia de medios e a xustificación do procedemento de contratación empregado para o efecto, onde tamén se recolle a xustificación da non división en lotes, resulta necesario a contratación da orquestra proposta por gozar dun alto grado de orixinalidade e especialidade, que dotará á actuación musical da Festa da Empanada de Bandeira 2026 de exclusividade, respondendo así ás necesidades do evento e configurando unha programación musical adecuada á categoría de Festa de Interese Turístico Nacional e á celebración da súa 50ª edición.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación do servizo das actuacións musicais para a Festa da Empanada de Bandeira 2026 por procedemento negociado sen publicidade por razón da exclusividade, tramitación ordinaria, ordenando a redacción de cantos documentos sexan necesarios.

SEGUNDO.- Determinar o importe máximo da licitación en 30.000 €. Esta cifra que depende da subvención recibida por este Concello ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o Concello de Silleda e Abanca Corporación Bancaria S.A. para a celebración da Festa da Empanada da Bandeira. Sendo o valor estimado do contrato de 24.793,39 € ao que se lle engaden 5.206,61 € de IVE.

TERCEIRO.- A duración do contrato comprenderá o tempo necesario para a preparación, montaxe, realización e desmontaxe da actuación musical obxecto da contratación, que terá lugar na noite do 22 ao 23 de agosto de 2026, non procedendo a división en lotes dada a natureza do obxecto do contrato e a especialidade na execución do mesmo.

CUARTO.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como ao expediente de contratación de conformidade co disposto na DA3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Expediente 2008/2019. Devolución de aval: SERVIZO INTEGRAL DE CONTROL E XESTIÓN DE HORARIOS, XORNADAS, PRESENCIA, PERMISOS E VACACIÓNS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data 25.03.2026 con Rexistro de Entrada n.º 2026-E-RE-478 por Juan Carlos Rodríguez Alonso, en representación de ECOCOMPUTER S.L. con C.I.F. B33568130 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato administrativo para o SERVIZO INTEGRAL DE CONTROL E XESTIÓN DE HORARIOS, XORNADAS, PRESENCIA, PERMISOS E VACACIÓNS.

Visto que a cláusula VII do Prego de cláusulas administrativas establece que: *“Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 110 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e transcorrido [un ano/6 meses] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables aO/A contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 110.”*

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na

resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval de CAJA RURAL DE ASTURIAS, por importe de 711,22 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato administrativo para o SERVIZO INTEGRAL DE CONTROL E XESTIÓN DE HORARIOS, XORNADAS, PRESENCIA, PERMISOS E VACACIÓNS.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 402/2026. Licenza urbanística municipal de obra para a implantación dunha plataforma loxística para taboleiro técnico

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que consta no expediente solicitude presentada por FINANCIERA MADERERA, S.A., representada por Raquel Bóveda Ríos, para a obtención de licenza municipal de obra relativa á implantación dunha plataforma loxística para taboleiro técnico no Polígono Industrial de Silleda, expediente 402/2026, rexistro de entrada nº 2026-E-RE-371 de 10 de marzo de 2026. O informe técnico identifica a solicitude como licenza municipal de obra, situada no Polígono Industrial de Silleda, marxe A, parcela 2, con referencia catastral 36052A038007020001LX. Xunto cao solicitude apórtase a seguinte documentación:

- Proxecto básico e de execución figura redactado por Jaime Gil Verdú, enxeñeiro industrial colexiado nº 3.593 do COLICV, visado polo colexio profesional o 09/03/2026, co número 2026/1097.

- “*Estudio de seguridad y salud*”, asinado polo mesmo enxeñeiro na mesma data co número 2026/1098.

- Escritura de “*Elevación a público de acuerdos sociales de otorgamiento y revocación de poder*” outorgada pola FINANCIERA MADERERA, S.A. ante o notario de Santiago de Compostela, Don Héctor Ramiro Pardo García, o dezaseis de xaneiro de dous mil dezanove, número cincuenta e oito do seu protocolo. Na escritura consta poder outorgado a favor de Dona Raquel Bóveda Ríos.

- Copia do DNI de Dona Raquel Bóveda Ríos.

- Tarxeta de identificación fiscal da FINANCIERA MADERERA, S.A.

Visto que consta no expediente providencia de Alcaldía asinada o 22 de maio de 2026 na que se establece o carácter prioritario e urxente do expediente por ter unha especial relevancia para o desenvolvemento económico e industrial do Concello de Silleda.

Visto que consta no expediente informe do arquitecto municipal de data 01 de xuño de 2026 no que se fan constar una serie de eivas que deberán ser emendadas previamente á concesión de licenza municipal de obra. Realízase o requirimento o día 03 de xuño de 2026 con rexistro de saída nº 2026-S-RE-727.

Visto que consta no expediente que o 19 de xuño de 2026 con rexistro de entrada neste Concello nº 2026-E-RE-1138 se achega a seguinte documentación tras o requirimento efectuado:

- Xustificante de pagamento do ICIO.
- Dirección de obra e dirección de execución que son asumidas por Fernando María de la Puente González-Aller, enxeñeiro industrial colexiado nº 20.512, con oficio de dirección visado o 17/06/2026, nº 202602414.
- Documentación complementaria visada.
- Manifestación de cumprimento dos requisitos técnicos e administrativos para exercer dita actividade, de que os locais e instalación reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico e que dispoñen de todas as autorización e informes sectoriais necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade. Documento asinado o 08 de xuño de 2026 por Don Fernando María de la Puente González-Aller e o 09 de xuño de 2026 por Christina Martínez.

Visto que consta no expediente informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, Don Lino Manuel Doporto Framil, de data 22 de xuño de 2026, no que, tras o exame da documentación inicialmente presentada e da documentación complementaria achegada en cumprimento do requirimento municipal, conclúe que o proxecto presentado non contradí a normativa urbanística vixente, informando favorablemente a concesión da licenza municipal de obra solicitada para a implantación dunha plataforma loxística para taboleiro técnico no Polígono Industrial de Silleda. O citado informe incorpora a comprobación do cumprimento da normativa urbanística, do Código Técnico da Edificación, da normativa de accesibilidade, do Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais e das determinacións do PXOM de Silleda, facendo constar, así mesmo, que non se aprecia a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do artigo 41 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Visto que consta informe xurídico asinado pola secretaria municipal o 17 de xullo de 2026.

De conformidade co disposto nos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos artigos 348 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e en exercicio das competencias delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local mediante Resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACÓRDASE:**

PRIMEIRO.- Conceder a **FINANCIERA MADERERA, S.A.**, representada por Dona Raquel Bóveda Ríos, licenza urbanística municipal de obra para a implantación dunha plataforma loxística para taboleiro técnico, na parcela situada no Polígono Industrial de Silleda, marxe A, parcela 2, con referencia catastral 36052A038007020001LX, de conformidade co proxecto básico e de execución redactado por Don Jaime Gil Verdú, enxeñeiro industrial colexiado nº 3.593 do COIICV, visado con data 9 de marzo de 2026, nº 2026/1097, e coa documentación complementaria presentada durante a tramitación do expediente.

SEGUNDO.- A presente licenza queda circunscrita exclusivamente ás actuacións definidas no proxecto técnico e na documentación complementaria incorporada ao expediente, debendo executarse as obras de conformidade coa documentación aprobada, co informe técnico municipal de data 22 de xuño de 2026 e coa restante normativa urbanística e sectorial que resulte de aplicación.

Calquera modificación substancial do proxecto autorizado requirirá a previa obtención do correspondente título habilitante urbanístico.

As condicións técnicas contidas no informe emitido polo arquitecto municipal con data 22 de xuño de 2026 forman parte integrante da presente licenza e terán carácter vinculante durante a execución das obras.

TERCEIRO.- A presente licenza concédese deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co artigo 350.3 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, non implicando pronunciamento ningún sobre cuestións de carácter civil ou relativas á titularidade dos inmobles afectados.

CUARTO.- A presente licenza urbanística habilita exclusivamente para a execución das obras autorizadas.

O inicio efectivo da actividade económica proxectada requirirá, unha vez rematadas as obras e cumpridos os requisitos legalmente establecidos, a presentación da correspondente comunicación previa de inicio de actividade, acompañada da documentación regulamentariamente esixible, de conformidade coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, co Decreto 144/2016, do 22 de setembro, e co disposto no informe técnico municipal.

QUINTO.- As obras deberán iniciarse e finalizar dentro dos prazos previstos na lexislación urbanística de Galicia, producíndose a caducidade da licenza nos supostos previstos nos artigos 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e 361 e seguintes do Regulamento da Lei do solo de Galicia, sen prexuízo da posibilidade de solicitar, antes do seu vencemento, a correspondente prórroga cando legalmente proceda.

SEXTO.- Antes do inicio das obras deberá dispoñerse na obra de copia da licenza concedida, sen prexuízo das restantes obrigas previstas no artigo 357 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

SÉTIMO.- A dirección facultativa das obras corresponderá a Don Fernando María de la Puente González-Aller, enxeñeiro industrial colexiado nº 20.512, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente.

Calquera cambio na dirección facultativa deberá ser comunicado ao Concello con carácter previo á continuación das obras.

OITAVO.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais competentes para os efectos da comprobación do custo real e efectivo das obras unha vez rematadas, practicándose, se procede, a correspondente liquidación definitiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e das restantes taxas municipais que resulten procedentes.

NOVENO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, con indicación de que pon fin á vía administrativa e dos recursos que procedan en dereito.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE